

## A firmeza de CCOO Industria e a loita na rúa arrincan un preacordo histórico no Metal da Coruña

O sector siderometalúrxico da provincia da Coruña pecha un ciclo histórico de mobilización coa cabeza moi alta. As asembleas de CCOO Industria celebradas esta tarde-noite ratificaron **por unanimidade** o preacordo alcanzado na mesa de mediación do AGA. Co aval unánime do noso activo sindical ás melloras conquistadas, **CCOO desconvoca oficialmente as xornadas de folga que estaban previstas**

Este logro non caeu do ceo. É o resultado directo das oito xornadas de folga xeral que paralizaron os polígonos e, moi especialmente, da **postura totalmente inflexible de CCOO Industria na mesa de negociación**. Non cedemos ás presións nin aceptamos as propostas de miseria da patronal, obrigándoa a ceder nos puntos clave que afectan o día a día dos cadros de persoal.

### Os piares dun acordo con marcado carácter de clase:

- **Dignidade Salarial:** Fronte ao inmovilismo empresarial, logramos un incremento do **15% en 4 anos** (5% en 2026, 3% en 2027, 3% en 2028 e 4% en 2029) **con clausula de garantía salarial ligada ao IPC sin tope, e cobro de atrasos dende o 1 de Xaneiro.**
- **Estabilidade e Freo á Precariedade:** Establécese unha plantilla fixa mínima nas empresas do **75%**. Ademais, regúlase con dureza o uso das ETT (prohibindo a súa contratación para cubrir necesidades estruturais ou tarefas de alto risco como a alta tensión) e garantíselles un mínimo de **6 meses de actividade anual ás persoas con contratos fixos-descontinuos.**
- **Tempo para a Vida:** A xornada laboral máxima anual redúcese ata as **1740 horas en 2029**, as vacacións aumentan a **25 días hábiles** e os días **24 e 31 de decembro pasan a ser non laborais.**
- **Máis Dereitos Sociais:** Conquístanse ata **26 horas anuais para consultas médicas** de especialistas e acompañamento de fillos/as, parellas e pais/mades dependentes. Tamén se recolle o compromiso de avanzar nos **coeficientes redutores para a xubilación anticipada.**

### A gran liña vermella de CCOO: Saúde laboral e protección fronte á submisión empresarial

Para CCOO Industria, a protección física e económica do persoal máis exposto do sector era unha cuestión irrenunciábel. Consequimos unha **nova redacción do Artigo 46 (Plus de Toxicidade, Penosidade ou Perigosidade)** que supón un xiro de 180 graos a favor da clase traballadora:

*Segue a información sobre convenios e noticias da Industria Galega na nosa canle de WhatsApp*



**Arrincamos Dereitos**

[industria.ccoo.es/Galicia](https://industria.ccoo.es/Galicia)

C/ María, 42, 3ª planta / 15402 Ferrol

A partir de agora, o cobro deste plus vincúlase de xeito automático e obxectivo ás avaliacións de riscos realizadas polos servizos de prevención, sempre que subsista un risco cualificado como importante que non fose mitigado. Con esta fórmula, CCOO elimina para sempre a arbitrariedade das empresas e o "dedo" do empresariado, blindando o salario e a saúde laboral con criterios técnicos e de xustiza.

CCOO Industria demostrou que cun sindicato firme, con conciencia de clase e sen fisuras, a patronal ten que ceder. Parabéns a todas as persoas traballadoras que sosteron esta loita co seu esforzo nos piquetes e nas rúas. ¡A unidade e o orgullo de clase vencen!

As asembleas de CCOO amosaron hoxe a madurez dunha afiliación que sabe loitar, que sabe negociar e que sabe cando recoller os froitos dun traballo impecable. A folga desconvócase porque a dignidade xa se gañou no documento. ¡A loita paga a pena!